



A UNIDADE DE DOR AGUDO RECIBE UN PREMIO NACIONAL POR UN ESTUDO SOBRE UNHA NOVA TÉCNICA ANALXÉSICA

- *Trátase do bloqueo PENG para o postoperatorio da cirurxía de cadeira, sen efectos adversos, e que permite unha rápida recuperación dos pacientes*
- *O Chuvi realizou o pasado ano 480 intervencións de próteses de cadeira polo que preto de medio millar de pacientes poderán beneficiarse deste novo procedemento*

Vigo, 23 de xuño de 2022. Facultativos da Unidade da Dor Aguda do servizo de Anestesia e Reanimación da Área Sanitaria de Vigo obtiveron recentemente un recoñecemento nacional por un estudo á mellor comunicación sobre unha nova técnica analxésica para o postoperatorio da cirurxía ortopédica de cadeira (artroplastía). A comunicación presentouse no Congreso nacional da *Sociedad Española de Anestesiología, Reanimación y Terapéutica del Dolor*, celebrado en Santiago de Compostela.

En concreto, o traballo trata sobre o bloqueo analxésico da innervación sensitiva da cadeira -o chamado bloqueo PENG- mediante unha picada única, evitando así o uso de analxésicos intravenosos e permitindo unha mellor calidade analxésica no postoperatorio, sen repercutir na forza e mobilidade do paciente.



O uso de analxésicos intravenosos nos pacientes sometidos a cirurxía de cadeira, en especial os opioides, deteriora en gran medida a súa recuperación, producindo maior incidencia de complicacións tales como náuseas, vómitos, estreñimento, somnolencia, e alteración do nivel de conciencia.

“O control eficaz da dor postoperatoria converteuse nunha parte esencial dos cuidados dos pacientes cirúrxicos, e o seu adecuado tratamento, xunto a outros factores como a mobilización e a nutrición precoz, relaciónanse directamente coa diminución das complicacións postoperatorias e da estancia hospitalaria”, explica Gustavo Illodo, facultativo do servizo de Anestesiología.



Sen dor e cunha mobilización precoz

A investigación realizouse en colaboración co Hospital Universitario Central de Asturias e incluíronse 130 pacientes intervídos de artroplastia primaria de cadeira.

O obxectivo era comparar o bloqueo PENG co bloqueo clásico, o Iliofascial. Aínda que o PENG está descrito recentemente e son escasas as súas publicacións, xa ten demostrada a súa eficacia no control analxésico tras cirurxía ortopédica de cadeira.

A diferenza fundamental entre ambas técnicas é a localización da picada, xa que o clásico, ademais de bloquear as ramas sensitivas dos nervios que van ás cadeiras, afecta tamén ás motoras; mentres que o PENG é moito máis preciso e non afecta aos nervios motores.

En consecuencia, permite ao paciente unha mobilización precoz, movendo as pernas rapidamente e sen dor, o que facilita a súa pronta recuperación.

Ademais, o bloqueo PENG comporta unha marcada diminución do uso de analxésicos sistémicos, sen os efectos adversos destes, o cal pode diminuír a estancia e os custos hospitalarios.

En conclusión, o resultado do estudo foi que o bloqueo PENG presenta unha calidade superior no control analxésico, con menor bloqueo motor e cunha maior satisfacción dos pacientes.

480 próteses de cadeira anuais

A Área Sanitaria de Vigo realizou o pasado ano 480 intervencións de prótese de cadeira.

Nestes momentos, os anestesistas do Chuvi xa están utilizando esta nova técnica analxésica. Segundo asegura o doutor Illodo "debido ao pouco compromiso motor que presenta o bloqueo PENG, é unha excelente estratexia para cirurxías ambulatorias de cadeira, dando a posibilidade de que o paciente teña unha rápida mobilidade e diminución das caídas por debilidade das pernas".